



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 21 de novembro de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 21 DE NOVIEMBRE DE 2025.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

1. Aprobación da primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 para o financiamento dos gastos correntes dos concellos ou para a minoración da débeda dos concellos coa deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023
2. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Regas asfálticas en Lubre, San Salvador, Vixoi e Rois", do Concello de Bergondo incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2100.0008.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento
3. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de varios viais en Cuns" do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0531.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

4. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 6/2025 de aprobación polo Pleno.
5. Dación de Conta do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2026.
6. Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2026, integrado polo orzamento da Deputación Provincial da Coruña e o do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, e as súas bases de execución.
7. Aprobación inicial do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama 2026.



Acta da sesión extraordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 21 de novembro de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 21 de novembro de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Escusado:

Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
--------------------------------	------



Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día a todos e a todas. Empezamos co primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación da primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 para o financiamento dos gastos correntes dos concellos ou para a minoración da débeda dos concellos coa deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación da primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ Adicional 4/2025 para o financiamento do gasto corrente dos concellos ou para a redución da súa débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial dos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023, no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

Vistas as Bases do POS+ 2025, modificadas mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025 para engadir a base 15, coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos, da minoración da súa débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023, ou para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número número 192 do 8 de outubro de 2025, cuxas bases iniciais foran aprobadas mediante acordo plenario do 29 de novembro de 2024, en relación co acordo do 31 de xaneiro de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024.

Visto que no expediente de modificación de créditos (EMC) 4/2025, aprobado inicialmente polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 3 de outubro de 2025, consignouse a cantidade de 22.000.000,00 € na partida 0430/4592/46201 para o



financiamento do POS+ Adicional 4/2025, que entrou en vigor coa publicación do correspondente anuncio no BOP número 210 do 3 de novembro de 2025

Visto que mediante Resolución de Presidencia número 51389 do 3 de novembro de 2025 considerouse definitivamente aprobada esta modificación das Bases do POS+ 2025, logo do transcurso do prazo de dez días de información e exposición pública sen que se presentase ningunha alegación e logo da entrada e vigor do EMC 4/2025

Vistas as solicitudes presentadas polos concellos que participan nesta primeira fase do POS+Adicional 4/2025 que aplican a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes ou a minorar a súa débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases do POS+ 2025 modificadas para engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 do 3 de novembro de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025, cuxas bases iniciais foran aprobadas mediante acordo plenario do 29 de novembro de 2024, en relación co acordo do 31 de xaneiro de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ Adicional 4/2025, no que se inclúen os concellos que a continuación se indican, cuxo obxecto é o financiamento do gasto corrente dos concellos ou a redución da súa débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial dos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023, cuxo resumo de datos de financiamento é o que deseguido se indica, e cuxo detalle por concello figura nos anexos I a III de este acordo:

1ª FASE 60 concellos	36 concellos que só participan na 1ª fase	Abegondo, Ares, Arteixo, Arzúa, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carnota, Cedeira, Cee, Cerceda, Coristanco, A Coruña, Dumbria, Fene, Lousame, Mazaricos, Melide, Noia, Oleiros, Ortigueira, A Pobra do Caramiñal, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Teo, Toques, Tordoia, Valdoviño, Vedra, Vimianzo
	24 concellos que participan na 1ª fase e que non esgotan a achega provincial polo que poden participar tamén na segunda fase do Plan	Ames, Betanzos, Boimorto, Carballo, Cerdido, Corcubión, Curtis, Frades, Laxe, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Moeche, Mugardos, Muxía, Neda, Negreira, Outes, Paderne, Padrón, O Pino, Porto do Son, Santa Comba, Sobrado dos Monxes, Val do Dubra
2ª FASE 57 concellos	33 concellos	Aranga, A Baña, Bergondo, Cabanas, Cambre, A



	que só participan na 2ª fase	Capela, Carral, Coirós, Culleredo, Dodro, Ferrol, Fisterra, Irixoa, Mañón, Mesía, Miño, Monfero, Muros, Narón, Ordes, Oroso, Ponteceso, Rianxo, Santiago de Compostela, Santiso, As Somozas, Touro, Trazo, Vilasantar, Vilarmador, Zas, Cariño, Oza-Cesuras
--	------------------------------	---

POS + AD 4/2025	PARTIDA	1º FASE DO POS+ADICIONAL 4/2025			PENDENTE PARA 2ª FASE
		GASTO CORRENTE	REDUCCIÓN DE DÉBEDA	TOTAL 1ª FASE	
22.000.000,00	0430/4592/46201	11.168.561,51	343.638,37	11.512.199,88	10.487.800,12

ÍNDICE DE ANEXOS	
ANEXO I	Resumo xeral por concello
ANEXO II	Gastos correntes
ANEXO III	Redución da débeda coa deputación

2.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que se indican no Anexo II a este acordo, que destinan a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes. O dito pago realizarase con cargo á partida indicada, e segundo os datos contables do informe da Intervención desta deputación.

3.- Minorar a débeda dos concellos que se indican no Anexo III a este acordo, que destinan a achega provincial asignada a redución da débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial dos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023, minorando en primeiro lugar a débeda correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar minorarase o préstamo provincial aplicado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e a continuación o aplicado para o financiamento de investimentos.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."



POS+ADICIONAL 4/2025 1ª FASE
ANEXO I: RESUMO XERAL

POS+ADICIONAL 4/2025 CONCELLOS	ASIGNACIÓN 22.000.000,00	1ª FASE			PENDENTE 2ª FASE
		GASTO CORRENTE	REDUCCIÓN DÉBEDA	TOTAL 1ª FASE	
Abegondo	241.556,87	241.556,87		241.556,87	0,00
Ames	498.473,30	152.984,36		152.984,36	345.488,94
Aranga	192.724,00				192.724,00
Ares	133.204,01	133.204,01		133.204,01	0,00
Arteixo	548.482,28	548.482,28		548.482,28	0,00
Arzúa	328.975,82	328.975,82		328.975,82	0,00
Baña (A)	215.061,57				215.061,57
Bergondo	178.967,64				178.967,64
Betanzos	219.861,13	171.467,94		171.467,94	48.393,19
Boimorto	178.302,00	8.000,00		8.000,00	170.302,00
Boiro	349.858,00	349.858,00		349.858,00	0,00
Boqueixón	198.614,87	198.614,87		198.614,87	0,00
Brión	225.313,41		225.313,41	225.313,41	0,00
Cabana de Bergantiños	209.615,83	209.615,83		209.615,83	0,00
Cabanas	124.674,11				124.674,11
Camariñas	154.562,09	154.562,09		154.562,09	0,00
Cambre	381.409,33				381.409,33
Capela (A)	111.651,21				111.651,21
Carballo	614.156,29	314.568,83		314.568,83	299.587,46
Carnota	161.538,68	161.538,68		161.538,68	0,00
Carral	180.114,33				180.114,33
Cedeira	212.782,93	212.782,93		212.782,93	0,00
Cee	193.953,81	193.953,81		193.953,81	0,00
Cerceda	225.391,70	225.391,70		225.391,70	0,00
Cerdido	104.377,40	56.598,43		56.598,43	47.778,97
Coirós	109.678,63				109.678,63
Corcubión	63.863,33	30.000,00		30.000,00	33.863,33
Coristanco	291.291,75	291.291,75		291.291,75	0,00
Coruña (A)	91.401,89	91.401,89		91.401,89	0,00
Culleredo	467.010,12				467.010,12
Curtis	208.141,45	30.000,00		30.000,00	178.141,45
Dodro	104.132,31				104.132,31
Dumbría	224.924,94	224.924,94		224.924,94	0,00
Fene	224.694,53	224.694,53		224.694,53	0,00
Ferrol	178.409,34				178.409,34
Fisterra	123.895,97				123.895,97
Frades	177.240,15	71.128,30		71.128,30	106.111,85
Irixoa	136.296,15				136.296,15
Laxe	120.860,59	35.000,00		35.000,00	85.860,59
Laracha (A)	323.817,81		61.495,91	61.495,91	262.321,90
Lousame	180.095,85	180.095,85		180.095,85	0,00
Malpica de Bergantiños	176.868,78	25.577,62		25.577,62	151.291,16
Mañón	149.399,71				149.399,71
Mazaricos	298.274,75	298.274,75		298.274,75	0,00
Melide	307.457,69	307.457,69		307.457,69	0,00
Mesía	204.109,29				204.109,29
Miño	171.729,15				171.729,15
Moeche	111.483,75	65.000,00		65.000,00	46.483,75
Monfero	246.223,57				246.223,57
Mugardos	125.246,86	45.246,86		45.246,86	80.000,00
Muxía	249.901,88	62.000,00		62.000,00	187.901,88
Muros	220.516,01				220.516,01
Narón	543.972,05				543.972,05
Neda	123.261,45	40.139,81		40.139,81	83.121,64
Negreira	279.100,89	86.737,51		86.737,51	192.363,38
Noia	238.182,87	238.182,87		238.182,87	0,00
Oleiros	514.774,67	514.774,67		514.774,67	0,00
Ordes	367.656,98				367.656,98
Oroso	224.989,96				224.989,96
Ortigueira	375.448,59	375.448,59		375.448,59	0,00



POS+ADICIONAL 4/2025 CONCELLOS	ASIGNACIÓN 22.000.000,00	1ª FASE			PENDENTE 2ª FASE
		GASTO CORRENTE	REDUCCIÓN DÉBEDA	TOTAL 1ª FASE	
Outes	231.278,08	150.000,00		150.000,00	81.278,08
Paderne	128.523,39	38.969,66		38.969,66	89.553,73
Padrón	194.552,41	17.752,09		17.752,09	176.800,32
Pino (O)	258.599,57	31.000,00		31.000,00	227.599,57
Pobra do Caramiñal (A)	178.932,22	178.932,22		178.932,22	0,00
Ponteceso	232.010,12				232.010,12
Pontedeume	171.979,06	171.979,06		171.979,06	0,00
Pontes de García Rodríguez (As)	451.915,16	451.915,16		451.915,16	0,00
Porto do Son	259.755,04	200.279,35		200.279,35	59.475,69
Rianxo	227.415,10				227.415,10
Ribeira	421.181,73	421.181,73		421.181,73	0,00
Rois	213.780,07	213.780,07		213.780,07	0,00
Sada	268.386,34	268.386,34		268.386,34	0,00
San Sadurniño	183.701,35	183.701,35		183.701,35	0,00
Santa Comba	399.992,44	267.997,07		267.997,07	131.995,37
Santiago de Compostela	391.622,75				391.622,75
Santiso	177.029,48				177.029,48
Sobrado	206.931,31	147.000,00		147.000,00	59.931,31
Somozas (As)	143.868,17				143.868,17
Teo	359.265,37	359.265,37		359.265,37	0,00
Toques	155.382,21	155.382,21		155.382,21	0,00
Tordoia	221.664,56	221.664,56		221.664,56	0,00
Touro	247.532,87				247.532,87
Trazo	201.962,59				201.962,59
Valdoviño	220.245,46	220.245,46		220.245,46	0,00
Val do Dubra	219.308,92	50.479,87	56.829,05	107.308,92	112.000,00
Vedra	181.186,26	181.186,26		181.186,26	0,00
Vilasantar	127.311,45				127.311,45
Vilarmaior	94.735,71				94.735,71
Vimianzo	337.929,60	337.929,60		337.929,60	0,00
Zas	272.650,32				272.650,32
Cariño	136.157,32				136.157,32
Oza-Cesuras	345.237,25				345.237,25
TOTAL	22.000.000,00	11.168.561,51	343.638,37	11.512.199,88	10.487.800,12
Nº concellos	93	58	3	60	33



POS+ADICIONAL 4/2025 1ª FASE
ANEXO II: GASTO CORRENTE

CONCELLO	ACHEGA PROVINCIAL PARA GASTO CORRENTE
Abegondo	241.556,87
Ames	152.984,36
Ares	133.204,01
Arteixo	548.482,28
Arzúa	328.975,82
Betanzos	171.467,94
Boimorto	8.000,00
Boiro	349.858,00
Boqueixón	198.614,87
Cabana de Bergantiños	209.615,83
Camariñas	154.562,09
Carballo	314.568,83
Carnota	161.538,68
Cedeira	212.782,93
Cee	193.953,81
Cerceda	225.391,70
Cerdido	56.598,43
Corcubión	30.000,00
Coristanco	291.291,75
Coruña (A)	91.401,89
Curtis	30.000,00
Dumbría	224.924,94
Fene	224.694,53
Frades	71.128,30
Laxe	35.000,00
Lousame	180.095,85
Malpica de Bergantiños	25.577,62
Mazaricos	298.274,75
Melide	307.457,69

CONCELLO	ACHEGA PROVINCIAL PARA GASTO CORRENTE
Moeche	65.000,00
Mugardos	45.246,86
Muxía	62.000,00
Neda	40.139,81
Negreira	86.737,51
Noia	238.182,87
Oleiros	514.774,67
Ortigueira	375.448,59
Outes	150.000,00
Paderne	38.969,66
Padrón	17.752,09
Pino (O)	31.000,00
Pobra do Caramiñal (A)	178.932,22
Pontedeume	171.979,06
Pontes de García Rodríguez (As)	451.915,16
Porto do Son	200.279,35
Ribeira	421.181,73
Rois	213.780,07
Sada	268.386,34
San Sadurniño	183.701,35
Santa Comba	267.997,07
Sobrado	147.000,00
Teo	359.265,37
Toques	155.382,21
Tordoia	221.664,56
Valdoviño	220.245,46
Val do Dubra	50.479,87
Vedra	181.186,26
Vimianzo	337.929,60

TOTAL 58 concellos	11.168.561,51
---------------------------	----------------------



POS+ADICIONAL 4/2025 1ª FASE
ANEXO III: REDUCCIÓN DA DÉBEDA

CONCELLO	ACHEGA PROVINCIAL PARA REDUCCIÓN DEBEDA
Brión	225.313,41
Laracha (A)	61.495,91
Val do Dubra	56.829,05
TOTAL 3 concellos	343.638,37



2.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Regas asfálticas en Lubre, San Salvador, Vixoi e Rois", do Concello de Bergondo incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2100.0008.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Regas asfálticas en Lubre, San Salvador, Vixoi e Rois”, do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2100.0008.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025, en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, polo que se aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Bergondo	2025.2100.0008.0	Regas asfálticas en Lubre, San Salvador, Vixoi e Rois	130.770,15	71.325,84	202.095,99	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia

Logo de aprobar o Concello Bergondo un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 13 de outubro de 2025 polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro Zapata Roel, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 220.948,12 €, o que supón un incremento con respecto ao dito proxecto inicial de 18.852,13 €, xa que este ascendía a 202.095,99 €, e que foi redactado para dar cumprimento ao requirido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación



Logo de ver que o Concello de Bergondo asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto, segundo figura no acordo de data 25 de setembro de 2025 polo que, en relación coa Resolución de 15 de outubro de 2025, aproba este proxecto modificado, así como no documento contable RC de data 30 de outubro de 2025.

Logo de presentar o concello a Resolución da autorización do Servizo de Vías e Obras, asinada dixitalmente o 29 de agosto de 2025, e a Resolución da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia asinada dixitalmente o 11 de marzo de 2025, xunto cos correspondentes informes nos que se indica que o proxecto cumpre coas condicións contidas nestas autorizacións.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 24 de outubro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2025, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2025, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2025 e 3/2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Regas asfálticas en Lubre, San Salvador, Vixoi e Rois”, do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, co código 2025.2100.0008.0, cun orzamento de contrata de 220.948,12 €, que foi aprobado polo órgano competente do concello e que conta co informe de supervisión favorable emitido o 24 de outubro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado, redactado para dar cumprimento ao requirido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, implica un incremento do orzamento total de contrata do investimento respecto do proxecto inicial por importe de 18.852,13 € que é asumido polo concello tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Bergondo “Regas asfálticas en Lubre, San Salvador, Vixoi e Rois” Código 2025.2100.0008.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	130.770,15	130.770,15	0,00
Concello	71.325,84	90.177,97	18.852,13
Total	202.095,99	220.948,12	18.852,13



2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa supervisión favorable do proxecto corrixido e a súa aprobación polo concello, e coa presentación polo concello das autorizacións a cuxa obtención foi sometida, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo desta obra como se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Bergondo	2025.2100.0008.0	Regas asfálticas en Lubre, San Salvador, Vixoi e Rois	130.770,15	90.177,97	220.948,129	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2025 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Bergondo asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto, segundo figura no acordo de data 25 de setembro de 2025 polo que, en relación coa Resolución de 15 de outubro de 2025, aproba este proxecto modificado, así como no documento contable RC de data 30 de outubro de 2025.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Bergondo para os efectos oportunos.”

3.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de varios viais en Cuns" do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0531.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Aglomerado de varios viais en Cuns”, do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan



único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0531.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión extraordinaria do 22 de novembro do 2024 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2024/51945, do 13 de decembro do 2024, aprobou definitivamente a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024, no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Coristanco	2024.2102.0531.0	Aglomerado de varios viais en Cuns	178.402,68	0,00	178.402,68	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Anexo VI - Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Ratificación Pleno municipal da corrección da solicitude

Logo de aprobar o Concello de Coristanco un proxecto modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, cun orzamento de contrata idéntico ao do inicialmente aprobado, asinado dixitalmente o 7 de agosto de 2025 polo mesmo arquitecto autor do proxecto inicial, Javier Martínez Porteiro, redactado coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe asinado dixitalmente o 4 de abril de 2024, así como, reducir o ámbito de actuación ao TRAMO 02, eliminando os TRAMOS 01, 03 e 04.

Logo de presentar o concello as autorizacións de Patrimonio Cultural-Xunta e do Servizo de Vías e obras desta Deputación xunto co informe técnico de cumprimento das condicións contidas nas ditas autorizacións, así como, o Anexo VI deste investimento e a ratificación polo Pleno municipal da corrección da solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro



de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Aglomerado de varios viais en Cuns”, do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024, co código 2024.2102.0531.0, que está sen adxudicar, que foi asinado dixitalmente o 7 de agosto de 2025 polo mesmo arquitecto autor do proxecto inicial, Javier Martínez Porteiro, cun orzamento de contrata idéntico ao do inicialmente aprobado, e que foi redactado coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe asinado dixitalmente o 4 de abril de 2024, así como, reducir o ámbito de actuación ao TRAMO 02, eliminando os TRAMOS 01, 03 e 04.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación do Anexo VI, das dúas autorizacións citadas necesarias para a execución desta obra e da ratificación do Pleno municipal da corrección da solicitude, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Coristanco	2024.2102.0531.0	Aglomerado de varios viais en Cuns	178.402,68	0,00	178.402,68	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Anexo VI - Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Ratificación Pleno municipal da corrección da solicitude

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 2025 / 0430 - 4547 - 76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Coristanco para os efectos oportunos.”



4.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 6/2025 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobación inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 6/2025 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 50.798.658,63 € que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento): **A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

Créditos extraordinarios (CE):	780.000,00	Baixas por anulación (BA):	146.058,73
		Maiores ingresos:	20.000.000,00
Suplementos de crédito (SC):	50.018.058,73	Remanente de Tesourería	30.652.000,00
Total aumentos:	50.798.058,73	Total financiamento:	50.798.058,73

B) RESUMO POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	0,00	0,00
2 Gastos correntes	146.058,73	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00
4 Trans. Correntes	12.000.000,00	146.058,73
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	2.520.000,00	0,00
7 Trans. de capital	36.132.000,00	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	50.798.058,73	146.058,73

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	20.000.000,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	30.652.000,00
9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	50.652.000,00



2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2025 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta



institución (nº 45/2018, sobre *"Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas"*, de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

5.- Dación de Conta do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2026.

Dáse conta do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2026.

6.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2026, integrado polo orzamento da Deputación Provincial da Coruña e o do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, e as súas bases de execución.

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

Ten a palabra o deputado.

Sr. Rioboo Castro

Moi bo día. Hoxe presentamos un orzamento pensado sobre todo para os 93 concellos da provincia e para a súa veciñanza e sobre todo para responder ao que cada concello necesita cada día. Este é un orzamento que deixa unha idea clara: a Deputación da Coruña é hoxe a administración que máis recursos achega aos concellos e o orzamento para 2026 ascende a 256 millóns de euros. Creo que é o máis alto da historia da Deputación, e vai ser un orzamento útil, realista e para mellorar a vida das persoas, mantendo, coma sempre, a débeda cero, mantendo as taxas conxeladas e adiantando recursos para facilitar os traballos dos concellos.

Antes de falar do Plan Único, quero destacar un punto clave, a área de Vías e Obras, que medra un 30%, ata os 31 millóns. Este incremento permite mellorar a seguridade viaria e o mantemento das estradas provinciais e compensar o forte aumento da subida dos materiais e un equilibrio que pensamos que garante avanzar nas redes provinciais e que, ademais, permitirá incrementar estas partidas mediante modificacións de crédito segundo avance o exercicio.

Isto, ademais, vai facer que o Plan Único, en 2026, que chega aos 88 millóns de euros, con todas esas liñas de apoio chegaremos aos 110 millóns de euros, significará obras, servizos, iluminación, limpeza, deporte, cultura e autonomía para que cada



concello decida o que é mellor para as súas persoas.

O bloque social subímolos ata os 35,5 millóns de euros para reforzar servizos que máis o necesitan, case 400.000 horas de axuda no fogar, reforzamos programas de envellecemento activo e apoiamos a contratación de 178 profesionais sociais, dando un paso adiante nas casas de acompañamento ás persoas maiores, un modelo que cremos é máis humano, máis próximo e máis digno para a nosa xente maior. A primeira, como sabemos, nas Pontes, pero continuará por Ordes e por outros concellos.

No ámbito económico, o Plan de Emprego Local continúa con 16,3 millóns de euros. Dende o 2016 investimos 166 millóns, máis de 3.000 empresas impulsadas, máis de 8.000 empregos, e seguimos apostando pola dixitalización, pola ciberseguridade e polos sectores de futuro, como o audiovisual, con ese novo estudio inmersivo do CEI, o máis avanzado de España.

Tamén reforzando a cultura, a lingua, o deporte e os programas de mocidade, incluíndo un novo programa de estancias no estranxeiro. Son, cremos, investimentos que constrúen identidade, orgullo e oportunidade, non esquecendo a seguridade e destinando máis de 10 millóns de euros aos GES, á protección civil e á prevención de emerxencias. Creemos que este é un orzamento municipalista, equilibrado, ambicioso e humano, un orzamento que non distingue entre concellos grandes e concellos pequenos, e un orzamento que non deixa ningún atrás e que pon as persoas no centro.

Confirma algo que cremos que é importante, que a Deputación da Coruña é a Administración que máis recursos achega aos concellos, ese é o noso compromiso, ese é o noso traballo, e con estes orzamentos reafirmamos un ano máis esta intención.

Quero, ademais, dicir que este orzamento está pensado, sobre todo, para os 93 concellos da provincia, para a súa veciñanza, e é un orzamento que está elaborado e conformado coa colaboración de todas as áreas desta Deputación provincial, de todo o persoal e, como non, hai que agradecer a colaboración do Servizo de Intervención, que fixo un traballo marabilloso para conseguir este orzamento, que, como dicíamos, ascende aos 256 millóns de euros, que é o máis alto e o máis realista posible nestes momentos. Moitísimas grazas.

Sra. Veira González

Ben, moi bo día a todas e todos. Está claro que neste orzamento hai unha aposta clarísima por seguir axudando aos concellos, especialmente a través do Plan Único, do POS. Esa é a aposta principal que temos neste orzamento, conscientes da difícilísima situación na que se atopan todos os concellos pola falta de financiamento; esta Deputación, este Goberno provincial aposta por financeiros axeitadamente, agardando, por suposto, a outras administracións, a outros gobernos que fagan o propio.

A través das políticas de turismo, comercio e cadea agroalimentaria apostamos por axudar a xente do noso territorio, a expoñer, a internacionalizar todo o que fan, o que producen, o que transforman, o que facemos na nosa terra e no noso mar; “A paisaxe que sabe” xa di todo do que é a nosa aposta nesta materia, desde o orgullo e a crenza en todas as posibilidades do noso territorio. Con esta política turística, que é o principal motor económico da nosa provincia, contribuímos a fixar poboación, tamén a que poidan crearse e poidan tamén medrar as empresas que hai nesta provincia e, tamén, polo tanto, contribuír ao seu dinamismo económico. Desde a área de Cultura continuamos con ese



principio que vertebra todas as nosas políticas, que é que a cultura é un dereito, que a xente no noso país, que o pobo galego ten dereito a crear, a vivir da cultura, que precisa tempo e espazo para facelo, por iso, a nosa política de residencias, que cremos que, ademais, temos unha cultura que, efectivamente, é de moitísima calidade, por iso reiteramos a nosa política de premiar a todas as persoas que crean no noso territorio. Tamén consideramos que todas as persoas que viven na provincia da Coruña teñen dereito a acceder á cultura, polo tanto, apostamos unha vez máis por esa rede cultural, tamén por unha programación propia, por axudar a todos os concellos e todas as entidades que fan programación propia e, por suposto, tamén esa aposta por que a Orquestra Sinfónica de Galiza percorra a provincia e poida tamén ofrecer concertos en distintos concellos da provincia da Coruña. Nós cremos nesa cultura e nese acceso á cultura, independentemente de onde vivamos, da nosa idade, das nosas capacidades físicas ou tamén da nosa economía.

Pola parte da política lingüística, seguimos apostando por unha lingua de futuro e unha lingua da que nos sentimos orgullosos e orgullosos, contribuíndo a que desde os concellos poida haber servizos de normalización lingüística, tamén reforzando o servizo de normalización lingüística da propia Deputación e apostando pola transversalidade deste, e tamén por programas que, efectivamente, derruban prexuizos e que ofrecen un futuro para a nosa lingua.

Desde Igualdade tamén apostamos polo reforzo deste servizo e apostamos por programas que xa son un éxito e que, desde logo, teñen que contribuír a unha maior pedagogía e tamén a derrubar moitos prexuizos, moitas ideas, bulos e falsidades que hai hoxe en día, que moitas veces a xente vai crendo, pero que nós, desde a política que facemos desde Igualdade, contribuímos, desde logo, a derrubar.

Tamén en dereitos civís e memoria democrática creo que é oportuno poñer o foco en que estamos traballando tamén para contribuír á verdade, á reparación e á xustiza das vítimas do franquismo; nese traballo estamos, xa deu os seus froitos neste ano, pero queremos seguir afondando niso durante o 2026.

E, por último, desde as nosas responsabilidades en materia de patrimonio, por suposto, continuamos coa posta en valor do patrimonio que é propiedade da Deputación, pero aquí unha vez máis tamén, como no resto das áreas, axudamos aos concellos a coidar do seu propio patrimonio e cremos que esta é unha pata fundamental tamén, porque xa vemos o que está pasando e cal é a política de patrimonio doutras administracións e doutros gobernos, que é o abandono, que é a desidia, que é, desde logo, non apostar pola súa posta en valor e pola súa mellora, e desde a Deputación si que cremos que o patrimonio é un valor en si mesmo e que hai que axudar aos concellos a coidar del porque, como dicía ao comezo, os concellos están moi, moi, moi apretados e desde este Goberno provincial desde logo consideramos que hai que axudarlles en todos os ámbitos que son da súa competencia e da súa incumbencia.

Pola miña banda, nada máis.

Sr. Presidente

Grazas. Si, algunha intervención máis? Evaristo.



Sr. Ben Otero

Buenos días; gracias, presidente, señoras y señores diputados.

Bueno, seré claro y conciso, y aunque hoy añada alguna reflexión nueva, que lo haré, lo cierto es que podría, sin temor a equivocarme, remitirme palabra por palabra a lo dicho en todos los debates presupuestarios de este mandato, porque su propuesta del año 2026 vuelve a ser exactamente lo mismo. La misma lógica agotada, los mismos automatismos cómodos y el mismo rumbo continuista que mantiene esta Diputación instalada en la rutina y en la falta de ambición.

Presentan ustedes unos presupuestos que no aportan nada nuevo, un suma y sigue, un más de lo mismo o, si hablamos sin rodeos, un lo de siempre. Un presupuesto que es la prueba más evidente de una visión desenfocada, superficial y conformista que ya se ha convertido en la seña de identidad de este Gobierno provincial.

Y digámoslo con absoluta claridad, el problema no es solo el presupuesto, el verdadero problema es que ustedes no saben gestionarlo. Lo que hoy pretenden es que les demos un cheque en blanco para seguir administrando los recursos públicos, igual que hasta ahora, y esa autorización, señor presidente, el Grupo Popular no se la va a dar, ni la merece su gestión, ni la necesita la provincia. Porque no se trata únicamente de cómo distribuyen los fondos, el verdadero problema es el criterio o, mejor dicho, la ausencia de criterio con la que ustedes ejecutan ese gasto. Ahí está la raíz de todos sus errores.

Y, fíjese bien, no estamos hablando de grandes teorías presupuestarias ni de modelos sofisticados, lo que le reprochamos es algo mucho más elemental, que ustedes no se cuestionan absolutamente nada, no revisan, no corrigen, no evalúan ni si la inercia de sus políticas sigue teniendo sentido. Siguen año tras año con el piloto automático puesto, aferrados a rutinas que ya no les responden a las necesidades reales de esta provincia ni de la mayoría de los ayuntamientos. Porque un presupuesto que solo crece en volumen, pero no en inteligencia ni en dirección no sirve para cerrar brechas entre concellos, ni para garantizar servicios básicos en municipios más pequeños.

Como decía aquel anuncio de neumáticos, la potencia sin control no sirve de nada y aquí lo que falla no es la potencia del presupuesto, aquí lo que falla es su control y falla sobre todo su orientación. Permítame tres apuntes que lo dejen todavía más claro.

Primero, una visión desenfocada del papel de la Diputación. Ustedes mantienen, año tras año, una interpretación inflada, oportunista y profundamente egocéntrica de las competencias provinciales. En lugar de centrarse en lo que la Diputación debe hacer, se empeñan a jugar o a ser una minixunta, compitiendo en frentes que no son los suyos y desviando recursos hacia competencias impropias que nada aportan a los municipios de esta provincia. Y lo más llamativo, señor presidente, es su incoherencia flagrante. En la memoria del presupuesto se lamenta usted de las competencias impropias que aún conserva la Diputación, mientras es su propio Gobierno quien multiplica esas mismas actuaciones impropias, ampliando un catálogo de gastos que no encajan en la finalidad ni en la naturaleza de esta institución. Es decir, se quejan de lo que ustedes mismos provocan. Y, por si fuera poco, ni siquiera lo hacen con la mínima responsabilidad de coordinarse con la Xunta de Galicia. Los informes de Intervención, año a año, llevan diciéndole lo mismo y ustedes siguen actuando como si gobernaran en solitario, como si la provincia fuese un territorio aislado del resto de las administraciones. Esa falta de



coordinación no es un despiste, es una forma de actuar, es una forma de ser de su Gobierno.

Pero donde mejor se evidencia su visión desenfocada es en la total ausencia de prioridades. Se niegan sistemáticamente a aprobar planes específicos para servicios esenciales de abastecimiento, saneamiento, infraestructuras municipales básicas, mientras sí son capaces de aprobar un POS social que nosotros entendemos y apoyamos. Pero, ¿por qué en un caso sí es lógico y en los otros no? ¿Qué criterio técnico, político o estratégico lo explica? Ninguno, simplemente no lo tienen. A eso se suma un hecho incomprensible e injustificable respecto al Plan estratégico de carreteras. Una institución que gestiona, como ustedes dicen en los propios anuncios de prensa, miles de kilómetros de vías provinciales, no tiene una hoja de ruta clara, no tiene un mapa de prioridades, no tiene un criterio objetivo para invertir y sin la planificación no puede haber ni coherencia ni eficacia. Lo que hay, señor presidente, es simple y llanamente improvisación.

Segundo tema: una gestión superficial sin evaluación ni eficiencia. Ustedes han convertido la Administración provincial en un espacio de control político, no un espacio de gestión profesional y seria. Gobernar, para ustedes, no es planificar, analizar ni mejorar, es ocupar la institución y mantenerla en modo automático. Y eso, señor presidente, se nota en todo. Se nota en la falta de eficacia, no existe ni una sola evaluación rigurosa del sistema de subvenciones, ni una, no saben qué programas funcionan, cuáles fracasan, qué impacto real tienen, ni si el dinero público está generando resultados o simplemente moviéndose para cubrir el expediente. Sin evaluación no hay mejora y sin mejora lo único que hay es opacidad y complacencia y falta de eficiencia. Tampoco han hecho absolutamente nada, ni un estudio, ni un diagnóstico, ni una simple aproximación técnica para conocer los costes reales de los servicios obligatorios en los concellos de menos de 20.000 habitantes. Nada de nada, res de res. Y lo más grave es que ni siquiera lo intentan, ni lo tienen en agenda ni les preocupa.

Su inacción ya no es un despiste ni un retraso, es estructural, es sistemática y es deliberada. Es una forma de gobernar que renuncia abiertamente a la eficiencia que desprecia la modernización administrativa y que abandona a la suerte a los ayuntamientos, especialmente los más pequeños, justo a los que más dependen de esta institución, que debiera ser un apoyo constante y que ustedes se convierten en un mero espectador. Mientras otros gobiernos provinciales avanzan, innovan, planifican y acompañan a sus municipios, ustedes optan por lo contrario, instalarse en la comodidad, mirar hacia otro lado y dejar que los concellos carguen con los problemas que esta institución debería estar ayudando a resolver. Es una renuncia en toda regla al papel esencial que la Diputación debe ejercer.

Y tercera cuestión: la indolencia en la ejecución presupuestaria. Su actitud ante la ejecución presupuestaria es directamente indolente. Aceptan, como si fuera una ley natural, como si fuera una fatalidad inevitable, que el dinero público se acumule año tras año en los bancos en lugar de transformarse en obras, servicios e infraestructuras para los concellos. Y esa resignación es en sí misma una forma de mala gestión. Porque ustedes no analizan nada, no investigan las causas de los retrasos, no identifican qué falla, dónde falla ni por qué falla y no acompañan a los ayuntamientos, no mejoran los procedimientos, no revisan la normativa, simplemente dejan que el sistema siga atascado como si esto no fuera responsabilidad de nadie.

Y aquí aparece un elemento fundamental: el diseño actual del POS que ustedes



mantienen, pese a saber que es un freno real a la ejecución, un POS rígido en lo procedimental, lento, burocratizado y que contribuye directamente al atasco del gasto. Ustedes presumen de un POS flexible en el destino, pero imponen una rigidez asfixiante en el procedimiento. En otras palabras, no les dicen a los ayuntamientos en qué gastar, salvo en el POS social, pero sí les dicen cómo tienen que hacerlo, con un nivel de burocracia que frena, retrasa y bloquea. ¿Resultado?: inseguridad, lentitud y millones de euros inmovilizados. Y, si de verdad creen en la autonomía municipal, ¿por qué no se atreven a convertir al menos una parte del POS, ese POS que es una subvención condicionada sin prioridad alguna, en una transferencia incondicionada? Porque, cuando todo es válido y nada es prioritario, mantener una subvención condicionada es simple y llanamente absurdo. Solo sirve para añadir trámites innecesarios, exigencias redundantes y amenazas de reintegro que ahogan la ejecución y mantienen los fondos muertos de risa en las cuentas bancarias. Es un sistema pesado, ineficaz y profundamente contradictorio con el discurso de libertad municipal que ustedes aseguran defender. Y, mientras ustedes sostienen ese modelo, la provincia pierde tiempo, pierde inversión y pierde oportunidades.

Concluyo ya, señor presidente. Nuestro presupuesto sería y será distinto en las consignaciones, sí, pero sería, sobre todo, radicalmente distinto en los criterios, en la planificación y en la voluntad real de ejecutar con rigor cada euro del dinero público. Esa es la diferencia entre ustedes, este Gobierno y el Partido Popular. Nosotros creemos en una Administración seria, ustedes se limitan a gestionarla por inercia. Y precisamente por eso no podemos, ni debemos, ni vamos a darle el voto de confianza que implicaría aprobar estos presupuestos. Sería irresponsable, sería avalar un modelo agotado, un modelo que bloquee inversiones, que ralentiza los concellos y que convierte la improvisación en un método de Gobierno. La provincia no necesita un Gobierno que vaya tirando, necesita un Gobierno que administre, no que improvise, que planifique, no que reaccione tarde y mal, que gestione con rigor, no desde la comodidad de la inercia. Un Gobierno que esté a la altura de lo que la ciudadanía merece y el suyo, señor presidente, hoy por hoy no lo es y no lo está. Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Eu vou votar a favor do orzamento e insistir, como dixen noutras ocasións, en que me parece que sempre queda escasa a partida destinada ás obras públicas nas vías provinciais. Os que andamos polas estradas –e eu ando polas estradas, as de Oleiros e doutros municipios– vemos que en montóns de lugares en estradas provinciais hai que parar un coche cando se cruza con outro. Non hai beiravías en moitos casos, as estradas son estreitas. E esa política non mellorou moito, a verdade, nestes anos. Non mellorou, eu diría que case nada. Por tanto, sigo vendo un déficit grande nesta partida.

Hai outras partidas que estou vendo, que me imaxino que se controlarán, que son as infraestruturas propias, monumentos megalíticos, aquilo, o outro, todo o que ten a Deputación, que leva un gasto bastante elevado. E chamoume a atención que en todos estes edificios, sen ánimo de molestar a compañeira de Vimianzo e doutros lugares, que levan sempre unha partida, ademais do mantemento, unha partida para temas culturais, etc., actividades, dalgún modo, é un investimento camuflado, paréceme ben, para as actividades nestas localidades, porque é unha realidade. Se miramos o orzamento, algunha das partidas nalgún destes edificios anda próximo, entre unhas cousas e outras, a máis de medio millón de euros, e paréceme elevado.

E logo hai unha partida que si que diría que se mirara con coidado. Está moi de



moda, a prensa agora non vende periódicos e finánciase a través das administracións públicas, non temos máis que ver as páxinas que a diario, neste caso, o Goberno de Galicia, inunda os periódicos con 4 ou 5 páxinas case diarias, diríamos, uns 20 anuncios cada semana, que custan un montón de diñeiro. É unha forma de financiar, indubidablemente, a prensa, porque, se non, algúns deles terían que cerrar, pero é tamén de controlar, indubidablemente, o que ten que dicir a prensa e diso eu sei moito, porque, cando quero dicir algo, donde dije digo, dinme Diego. Por tanto, ese control, cando hai unha administración que o está pagando e que é de todos paréceme moi grave. Por tanto, diría que hai unha partida alta en todas as áreas da Deputación, que chega case aos 5 millóns de euros en publicidade e xestión das áreas. O que pido é que haxa mesura á hora de gastar ese diñeiro e que, cando se poñan anuncios, que sexan para algo. Recicla, pero que non poña “Qué bonita es Galicia”. Xa o sabemos todos. Bueno, se non hai ningunha novidade. “Qué verde es Galicia”. Xa o sabemos todos. “Qué mar tenemos”. Xa o sabemos todos. O que hai é que usar eses anuncios, xa que se gastan, pero para ilustrar as persoas, educalas no tema dos servizos, etc.

Por último, hai unha partida que me chamou a atención, que é 60.000 euros de expropiación en Buño. Gustaríame saber que expropiación é a que se vai facer en Buño, porque xa está aí tamén o mantemento desa instalación. O que coñezo eu é abondo. É dicir, expropiar máis é para manter máis. Por tanto, gustaríame que se me informara.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rioboo Castro

Moitas grazas. En canto á última intervención de Gelo, de don Ángel García Soane, dicir que no capítulo de viais estamos completamente de acordo, que as infraestruturas da Deputación provincial necesitan dun mantemento, dunha mellora, sobre todo de garantir a seguridade viaria de todos os veciños e veciñas que circulan polas vías provinciais. Esta é unha partida que se incrementa un 30% polo que xustifiquei anteriormente, pero non deixa de ser menos certo que ao longo do ano se irá incrementando a través dos diferentes modificativos de crédito ata conseguir que as necesidades que teñen os concellos poidan ser satisfeitas.

Logo, en cuestións particulares que vostede apunta, tomaremos boa nota para tratar de, en calquera caso, mellorar e ao longo do ano, cando haxa oportunidade, tratar de atender a todas as demandas.

Di o señor Ben que estes son uns proxectos continuístas, que son unha fotocopia do do ano pasado. Eu creo que o que realmente é unha fotocopia do do ano pasado é a súa argumentación, porque creo que non tivo nin sequera oportunidade de entrar no detalle dun orzamento, que creo que está aí feito, como dixeran anteriormente, atendendo perfectamente as necesidades de todos os veciños e de todas as veciñas da provincia da Coruña.

Falar do Plan de Obras e Servizos dende esa bancada, home, creo que é un pouco atrevido. Eu tiven a oportunidade nestes últimos dez anos de vivir, ou nos últimos quince anos, de vivir dúas políticas completamente distintas no que a reparto de fondos se refire. Unha obxectiva, que é a que fai o Grupo Socialista e o BNG, de repartir equitativamente, non cuantitativamente, a riqueza que se xera na Deputación provincial entre todos os concellos, cun criterio que, ademais, foi aprobado no punto anterior, como é o regulamento do POS, que creo que é perfectamente obxectivo para todos os



concellos, por moitos criterios que todos e todas compartimos. Non hai nin un céntimo máis nin un céntimo de euro menos que ningún concello leve baixo ese criterio. Entón, paréceme bastante sorpresivo pola miña parte que, cando vostedes gobernaban esta Deputación provincial, esperabamos os concellos, como auga de maio, a chegada do Plan de Obras e Servizos, ou similar, e nos viamos sempre abocados ao que, precisamente, fai a Xunta de Galicia, que é que os concellos que non son da súa cor, todo é nada.

E dicir que isto é unha minixunta, ben pois perfectamente. Podería ser isto unha minixunta, pero cunha gran diferenza: que nós asumimos ou podemos asumir, como di vostede, competencias impropias? Claro, témolas que asumir, porque vostedes, dende a Xunta de Galicia non dan o cofinanciamento necesario para que os concellos poidamos asumir todas as competencias que cada día nos meten nos concellos de 10, de 15, de 20.000 e de 50.000 e máis habitantes. Esa é unha realidade que está aí. E a Deputación provincial o que ten que facer é detectar, precisamente, cales son as necesidades que teñen os concellos para tratar de insuflar fondos para que poidan atender a todo, a toda esa carga, que non a Deputación provincial, a Xunta de Galicia lles fai aos concellos desta provincia e de toda Galicia.

Di vostede que os saneamentos, eu escoitei moitas veces, non sei que obsesión teñen vostedes en que, dende o Plan de Obras e Servizos se fagan cousas específicas. Cando o que se lles fai aos alcaldes e alcaldesas da provincia da Coruña é deixarlles total liberdade para que os fondos que van destinados ao POS os poidan destinar ao que eles consideren máis oportuno. Claro, eu que vivín a situación de estar coas diferentes consellerías de medio ambiente, coas diferentes conselleiras, pois efectivamente, cando o BNG e o Partido Socialista gobernan as deputacións, para tratar de xustificar que os fondos teñen que ser da propia Administración autonómica, o que nos dicían era "pídanselo ustedes a las diputaciones". Pero é a Xunta de Galicia a que ten que facer o esforzo para que o saneamento, para que o abastecemento de auga estea nas condicións en que ten que estar. E, despois, libremente, libremente, cada alcalde, que é precisamente o que nós queremos, e vai un pouco na liña que vostede di, de fondo perdido aos concellos e que o gasten como queiran; xa se fai, pero cun control, cun control.

Di vostede constantemente que esta é unha baixa execución presupostaria. Xa se lle explicou por activa e por pasiva que os cartos que hai na baixa execución presupostaria é condicionada en moitas ocasións porque precisamente os concellos se ven, ou nos vemos abocados a demasiadas normas subsidiarias que poñen vostedes, a demasiados informes que ralentizan os investimentos nos concellos.

Pero, ben, como digo, o que vostede presenta é unha copia constante cada ano. Nós creo que estamos facendo unha xestión de éxito. Estamos xerando emprego, estamos potenciando as empresas, estamos fomentando máis que a Administración autonómica a cultura nesta Deputación provincial. Porque, igual que os concellos esperan o Plan de Obras e Servizos, os concellos tamén esperan esa programación cultural que permite que as salas, os auditorios, os centros sociais se enchan de artistas, de grupos de teatro, de actividade cultural en cada concello. E iso é grazas á Deputación provincial, é grazas a estes orzamentos, algo que ás veces vostedes descoidan demasiado. Son formas distintas efectivamente de ver a política; se non, non teríamos razón de ser ningún dos que están nesa bancada nin os que estamos aquí. Xa tivemos o contraste, o contraste era que, cando vostedes gobernaban, disto non había nada e, cando nós gobernamos, disto hai e para elixir e co criterio de que os alcaldes e alcaldesas o poden



facer con total tranquilidade. Moitas grazas.

Sra. Veira González

Rapidamente. Falou o señor Ben sobre as subvencións, sobre que non avaliamos as nosas políticas, etc. Eu négolle a maior, porque nós temos contacto diario e constante con todo o tecido cultural, asociativo, cos concellos directamente, co tecido económico da provincia, e ese contraste, esa avaliación é diaria.

Sobre as subvencións, falaba vostede tamén que non avaliamos, que é unha cousa rutineira, etc., etc. Mentira, tamén temos un contacto absolutamente continuo coas entidades para saber no que se falla, o que hai que mellorar. Ás veces facemos cousas coas que intentamos mellorar, equivocámonos e temos que rectificar, como calquera goberno democrático que intenta facer ben as cousas e que realmente cre nese tecido social ao que nos debemos.

Falou vostede de automatismos. Evidentemente, aquí hai unha política clara, hai unha política na que cremos e que na que profundizamos e na que efectivamente repetimos eixos vertebradores. Iso non ten absolutamente nada de malo, igual que non ten nada de malo que vostede, efectivamente, non estea a favor. Que lles pasa aos concellos e por que non poden executar os fondos que lles asigna a Deputación? O problema, para comezar, para comezar, está nun tema de persoal, e creo que en temas de persoal e en temas de taxa de reposición, en temas deste tipo, creo que o Partido Popular ten algún tipo de responsabilidade.

En canto ás dificultades que teñen os concellos, tamén ten que ver a falta de financiamento que lles dá a Xunta de Galiza, no cal en temas de financiamento, en temas de reparto de fondos, etc., eu creo que cero leccións do Partido Popular, cero leccións, porque a súa política está moi clara e xa falamos dela en moitas ocasións neste Pleno. Vostedes están instalados en 2015 e creo que a súa política de 2011 a 2015 estivo moi clara, quedoulles moi clara aos concellos, quedoulles moi clara ás cidadás e aos cidadáns desta provincia e non a queren máis. Entón, eu creo que están vostedes equivocados.

Di que isto é, estamos illados e queremos aquí crear unha mini Xunta e non sei canto. Non, atendemos ás nosas competencias e tamén, é certo, a problemas sociais que acontecen no noso territorio, no territorio que hai que gobernar desde esta Deputación. Vostedes creo que non están para dar moitas leccións, por exemplo, en materia de igualdade, non?, cando están privatizando centros de atención ás vítimas de 24 horas que llelos están entregando directamente ás empresas. Nós podemos dicir orgullosos que, desde esta Deputación, apostamos pola xestión pública de todos os servizos de atención ás mulleres, apostamos polo seu reforzo, e apostamos polo reforzo do Servizo de Igualdade desde esta Deputación. Vostedes o que están facendo é privatizar os servizos de atención ás mulleres ou desatendelos, desmantelalos directamente. Podemos falar dos Centros de Información á Muller, podemos falar de atención, efectivamente dos Centros de Atención ás Vítimas 24 horas, podemos falar de como están desmantelando os COV desde a Xunta de Galiza o Partido Popular, podemos falar de como atenden vostedes as políticas de igualdade. Creo que podemos falar tamén das políticas lingüísticas da Xunta de Galiza, e como a súa política lingüística nos leva precisamente aos datos tan, tan, tan preocupantes que temos hoxe de uso da lingua galega por parte dos máis pequenos e das máis pequenas. Ou queren vostedes que, non sei, que aquí permanezamos paralizados ou illados a respecto desa realidade. Moi ao



contrario.

Vostede fala tamén, estaba falando de que somos unha mini Xunta de Galiza e aquí hai automatismos e aquí todo se repite e non sei que e non sei canto, non? Eu escoiteilles moitas veces aos responsábeis de Cultura da Xunta de Galiza que estaba moi ben a rede cultural da Deputación e que querían facer unha rede cultural desde a Xunta de Galiza. Repetírono non sei cantas veces. Non sei, tan mal non estará, se a queren repetir. O que pasa é que, claro, vostedes non cren verdadeiramente na cultura galega nin na potencialidade da cultura galega. Por iso, en realidade, non a fan nunca.

Entón, ben, da área de Turismo vostede non falou, pero falou o outro día e están cen por cento de acordo con ela, ou sexa que algo facemos ben, algo facemos ben.

Desde área de Patrimonio?, home, vostedes tampouco poden falar de patrimonio, verdade? Non pode falar a Xunta de Galiza de patrimonio, cando acaban de largarles competencias os concellos a través da lei de acompañamento dos orzamentos. Non poden falar vostedes de patrimonio. Ou sexa que, imos ver, aquí non somos unha mini Xunta de Galiza, somos unha institución que temos que axudar aos concellos, que estamos comprometidos con axudar aos concellos, e tamén que estamos moi ao tanto da realidade social na que vivimos e da realidade que teñen que atender os concellos. Por iso axudamos en materia de patrimonio, por iso axudamos en materia de normalización lingüística, por iso axudamos en materia de igualdade, por iso axudamos en materia de turismo, por iso as nosas políticas. Vostedes, desde a Xunta de Galiza, non poden dicir o mesmo, porque todas estas políticas non as atenden. Entón, ben, vostede mesmo describiu a visión que ten o propio Partido Popular do que é a provincia e do que é a realidade que se vive nos concellos da nosa provincia. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Bueno, sinceramente, estamos hablando de los presupuestos de la Diputación. Yo supongo que todos estos temas que usted ha comentado los habrá comentado en el Parlamento, su actual portavoz, igual pronto ya exportavoz, no sé, nacional, la señora Pontón, pero este tema lo hablarán allí como corresponde, no aquí, pero yo no voy a entrar en esas cuestiones. Solamente un apunte a lo que usted ha dicho y es lo siguiente, es decir, la tasa de reposición sigue vigente, con el gobierno del señor Sánchez apoyado por el, uno que tienen ustedes ahí, el señor Rego, que es su uno, en el ámbito del BNG. Algo mandará, no creo que hayan sido las exigencias con el escaso éxito que han tenido en sus reivindicaciones para Galicia, podría insistir en esa cuestión, podíamos estar de acuerdo ahí.

Y, señor Rioboo, al margen de otras objeciones que voy a insistir en ellas, solamente le quiero decir una cosa: usted tiene la suerte de vivir en un ayuntamiento como Culleredo, usted se levanta por la mañana, va al aseo, le da a la cisterna, abre el grifo, sale agua, evidentemente tiene una recogida de saneamiento, entiendo que así será, ¿no? Pero hay algunos compañeros de su bancada que no tienen esa suerte, y de la mía. Muchos núcleos sin abastecimiento y sin saneamiento. Insistimos en que es un servicio básico fundamental de competencia municipal, y esta institución es la casa de los concellos. En consecuencia, ustedes pueden, cuando han cumplido, si tuvieran la audacia, la capacidad y la forma de gestionar que les permitiera gestionar su presupuesto y luego tuviesen recursos a mayores, audacia, inteligencia y capacidad, podrían incurrir en competencias impropias y hasta ahí podríamos estar de acuerdo. El problema es que no estamos cumpliendo con las competencias de esta casa, que son las que son y



claramente es así.

En todo caso, señor presidente, yo quiero insistir en unas objeciones ya planteadas. La primera es que la Ley de base del régimen local le impone a la Diputación la obligación de hacer un seguimiento de los costes efectivos de los servicios prestados por los municipios, especialmente en el caso de los de menos de 20.000 habitantes, así como también impone la obligación de ofrecer la colaboración del ente provincial a fin de conseguir una gestión más eficiente. Pues bien, no nos han detallado qué se ha hecho en este sentido, y es importante saberlo porque la sostenibilidad de los municipios depende, por supuesto, del dinero que reciban, pero también depende de una necesidad de la reducción de los costes.

La segunda, la acción del fomento articulada a través de subvenciones debe ser evaluada de manera periódica. De tal manera, el plan estratégico de subvenciones aprobado no sea un mero formalismo o un mero inventario. No nos dan ninguna explicación de por qué no se ha convocado la Comisión de Seguimiento del Plan Estratégico de Subvenciones. Porque no se ha convocado, no hay una evaluación, no hay un seguimiento, no hay un interés.

Y la tercera, no menos importante, la baja ejecución recurrente. No se ha planteado ninguna acción de impulso para corregir la baja ejecución, no han reflexionado al respecto de esto. La proyección de la ejecución a 31 de diciembre, que nos consta por capítulos, apunta a que prácticamente no habrá mejora respecto a los últimos ejercicios. Eludo la referencia a los capítulos IV y VII, que le permitiría decir que es culpa de los ayuntamientos, que es culpa de que los ayuntamientos no ejecutan el POS. Vamos a dejar de lado el capítulo IV y el capítulo VII y vamos a centrarnos en algún tema que se ha hablado aquí con anterioridad también. Y me refiero al capítulo VI de ejecución propia de la Diputación. En el capítulo VI nos movemos en el 30%. ¿Dirá también aquí que la culpa de esta baja ejecución del 30% en el capítulo VI, inversión de la Diputación, es culpa de los informes sectoriales de la Xunta de Galicia? ¿Es este también el argumento por el cual ustedes dejan un 70% de los recursos del capítulo VI sin ejecutar? Pero es que en el capítulo II nos quedamos en un 50%. En el capítulo II, señores, ¿también en el capítulo II dependemos de los informes sectoriales? ¿No tienen ustedes pensado dar explicaciones detalladas de las inejecuciones de mayor envergadura?

Para tener más detalle, más constancia, sin ir al escalado o la previsión a 31 de diciembre del año 25, sí tenemos los datos de referencia de la liquidación del presupuesto del año 24. Y aquí hay una cuestión que el señor Gelo apuntó y el señor Rioboo anunció como algo de interés que también vamos a mencionar ahora, ¿no? Por ejemplo, había una partida en el capítulo 2 de actividades culturales y deportivas que, con las modificaciones, alcanzó un montante de 9 millones de euros en el presupuesto del año 24. ¿Sabe cuánto dejaron sin ejecutar de esos 9 millones de euros que a tanto bombo y platillo anuncian en medios y demás? Cinco millones de euros de los nueve sin ejecutar. Cinco de nueve en deporte y actividades culturales. Hombre, oiga, ¿está diciéndole usted al señor interventor que miente en el cierre del presupuesto del año 24? Por favor, señora doña Avia, por favor. O había una partida en investimentos en estradas provinciales que con las modificaciones superó los 33 millones de euros y saben de 33 millones de euros en carreteras provinciales tan, tan mal y que ustedes van a aumentar la partida porque ven tan necesario arreglarlas ¿saben cuánto ejecutaron de 33 millones de euros?, ¿sabe cuánto?, señor Rioboo, ¿usted lo sabe?, 20 millones, 13 millones sin ejecutar, 13 de los 33. O había otra partida: reposición de estradas provinciais, que de los 25 millones disponibles solo ejecutaron 15 millones; 10 millones de euros a mayores en



vías y obras sin ejecutar, por no referirme al Plan provincial de estradas a transferir, que del millón trescientos mil euros previstos ejecutaron cero euros, cero euros. Sin pretextos o mantras genéricos, ¿no piensan explicar detalladamente el porqué de esta baja ejecución?, ¿esto también es culpa de los concellos?, ¿o de los informes sectoriales de la Xunta de Galicia? Es así. Tienen que mirárselo un poco. Pero, lo dicho, están con el piloto automático tirando para adelante y todo es culpa de los demás. De aquí no es nada culpa nuestra. Y esto es lo que hay y nada más.

Mire, no perdemos la esperanza, probablemente acaben por impulsar la ejecución en determinadas partidas. Y le voy a decir unas cuantas en las que van a ejecutar el 100% y posiblemente las amplíen. Los 150.000 euros de publicidad y propaganda en acción social posiblemente estos los ejecuten todos e incluso los incrementen. Los 135.000 euros de publicidad y propaganda de las políticas de igualdad de género, posiblemente los ejecuten todos y posiblemente los incrementen. Los 900.000 euros de publicidad y propaganda vinculados a la inconcreta idea de cobertura informativa, posiblemente los ejecuten y los incrementen. O los 250.000 euros de publicidad y propaganda en vías y obras, aquí sí que hay ejecución del 100%, esos 250.000 de publicidad y propaganda en vías y obras, posiblemente los ejecuten y los incrementen. Y así podría seguir, pero esto es lo que hay.

Ejecución, muchos mensajes, muy correctos, páginas de periódico, anuncios y acciones de competencias impropias y de sus propias competencias, que afectan a todos y cada uno de los ayuntamientos aquí representados a los 93 vamos muy justitos de gestión. Y, sí, lo vuelvo a repetir, en turismo poco que añadir, siga usted por este camino, señor Regueira. Nada más y muchas gracias.

Sr. Rioboo Castro

Volvemos al inicio de su discurso y una repetición de lo mismo. La baja ejecución de una diputación provincial o de las diputaciones provinciales se debe principalmente a que la transferencia mayor de crédito es a los concellos y la baja ejecución que a veces tenemos los concellos, por diferentes motivos, es lo que provoca esa baja ejecución, además de los modificativos de crédito que puede haber durante el año, que también provocan, por ejemplo, en el mes de octubre acabamos de tener en el segundo punto del orden del día o primer punto un expediente de modificación de crédito que va a este ejercicio pero que, evidentemente, no va a tener la ejecución durante este año 2025. Y esto también se achaca a la ejecución. Pero, principalmente, mire usted donde mire, las diputaciones provinciales, sea en la provincia que sea, la ejecución depende principalmente de la alta o baja ejecución que puedan tener los concellos, porque las transferencias mayores van para los concellos. No haga aspavientos, señor Ben, usted sabe que es así. Usted trae un discurso preparado para rebatir los datos, pero usted sabe que esto es así. Usted sabe que esto es así, ¿de acuerdo?

Y, en cuanto al abastecimiento de agua, efectivamente, todos somos corresponsables. La Xunta, con las EDAR, los ayuntamientos, las diputaciones. Pero es que en esta Diputación provincial no existe la exigencia de que tengan que invertir en saneamiento, en abastecimiento de agua. Los concellos que, como usted describe, pues tienen problemas de abastecimiento que no deberían de existir, tienen la libertad absoluta de, dentro del Plan de Obras y Servicios de la Diputación provincial, que es la principal fuente de inversión para muchos de los ayuntamientos de la provincia, pues optar por que eso sea así. Lo que pasa es que la colaboración que ustedes dan desde la Xunta de Galicia, que es donde cobran el canon, es a veces cero, cero. Eso sí, a través de



subvenciones nominativas lo hacen ustedes perfectamente, a los ayuntamientos afines a su ideología. Eso es así.

En cuanto a una pregunta que hacía el señor Gelo, don Ángel García Soane, en cuanto a Buño, pues se trata de un aparcamiento en... Déjeme consultarlo... en Forno do Forte, un aparcamiento para visitantes. Esos 60.000 euros que vostede nos indicaba.

Sr. Ben Otero

Gracias. Hay que reconocerle, presidente, que permite siempre la posibilidad de hablar y explicarse y eso es de agradecer.

Mire, señor Rioboo, el POS en la concepción de lo que usted dice, tal como usted plantea el tema del abastecimiento es tremendamente injusto y le voy a decir por qué. Se lo voy a volver a explicar. Usted recibe el Plan Único y hace con él lo que le parece más conveniente, o lo que aprueba usted en su Pleno municipal. Pero usted tiene que dedicar muchos menos recursos que otro ayuntamiento que no tiene servicios básicos garantizados que usted sí tiene. Claro, puede elegir abastecimiento o saneamiento, dedicar todo el POS, como algún compañero suyo ha estado por ahí en algún ayuntamiento... Se resolvería el problema del abastecimiento de agua en la parroquia X si se destinara el plan único... Ah, lo destina a eso y deja todas las demás necesidades sin cubrir. No es justo, es insocial e injusta esa forma de enfocar el tema. Hay que ayudar a converger a los ayuntamientos que más demanda de recursos tienen. Y, si no hacemos eso, estamos renunciando al principio básico de esta institución. ¿No lo quieren entender? Ya lo entenderán.

Pero, mire, habla usted de nominativas. Oiga, en el MC de hoy –se ve que no ha repasado mucho la documentación– en el MC de hoy han aprobado ustedes un millón de euros en nominativas para tres ayuntamientos del Partido Socialista, y lo hemos votado a favor. Tres, hoy en el MC, tres para tres ayuntamientos del Partido Socialista. Para tres ayuntamientos del Partido Socialista. Oiga, para Camariñas, para Cedeira y para Valdoviño. Oiga, no quiero aludir a consejos vendo que para mí no tengo, que no está aquí, no quiero pisar el *copyright*, pero por favor.

Y, respecto a los servicios públicos, doña Avia, oiga, ¿puede usted garantizar aquí y comprometerse a que las residencias que va a impulsar esta Diputación van a tener gestión pública? Ah, no. Ya hay un informe previo a la reunión de la comisión de seguimiento de las comisiones diciendo que la gestión será indirecta. Pero ¿cómo pueden tener ustedes la jeta y el cuajo de decir las cosas que dicen y luego desdecirse con lo que hacen, hombre? Por el amor de Dios, hombre, por el amor de Dios, que aquí, hombre, una cosa es traer en el mantra y los discursos, que la gente lo compra, alguno y va con la banderita, tucu-tucu, pero es que realmente la realidad es la que es. La realidad es la que es. Ustedes van a ser corresponsables, primero, de asumir una competencia impropia por parte de esta casa y, segundo, de externalizar la gestión. Ustedes, no nosotros, ustedes van a ser responsables y van a llevar los seis diputados del BNG esa mochilita cargada a cuestas para luego cuando vayan a dar consejitos al Parlamento de Galicia. Nada más y muchas gracias. Por cierto, nuestro voto, obviamente, según lo que hemos dicho y por coherencia, va a ser en contra de este presupuesto.

Sr. Rioboo Castro

Efectivamente, tres subvenciones para tres partidos, o tres concellos del Partido



Socialista. El mes pasado, para tres del Partido Popular. El mes pasado, para tres del Partido Popular.

Sr. Presidente

Para finalizar, estamos nun Pleno de carácter importante, moi importante e transcendente, dado que hoxe se viabiliza orzamentariamente a vida de moitos concellos da provincia. E, ademais, dáse un sinal de capacidade investidora para os mesmos, da que dependen practicamente con carácter integral da protección que fai a propia Deputación. Falamos de que este ano, 2025, pecharemos o ano cun orzamento consolidado de 600 millóns de euros. Non son 256, senón son 600 millóns de euros. Iso ten que ver co baixa execución e ten que ver, ademais, coa forza que ten investidora e a dependencia que teñen moitas entidades sociais, culturais e institucionais desta provincia da Deputación da Coruña.

Eu creo que este orzamento simboliza a consolidación dunha inercia, si, pero unha inercia moi intensa e moi positiva. Estamos a falar de que o Plan de obras e servizos da Deputación é revolucionario en si mesmo, pero sobre todo nas cantidades. No 2015 ou 2014, o último ano completo da corporación anterior, falamos de que o investimento nos concellos chegaba a 24,5 millóns de euros, máis o famoso DTC, de 33 millóns de euros. Falamos de 57 millóns de euros contra os 138 millóns de euros que hoxe disfrutan os concellos durante o exercicio 2025; 57 millóns contra 138, moito saneamento se pode facer con esa diferenza. E, ademais, facémolo con criterios que teñen que ver coa nosa esencia, que é apoiar os concellos máis pequenos, non apoiar os concellos máis grandes. Polo tanto, poñendo as cousas no seu sitio, como ten que ser, pois o resultado é este. Máis autonomía, máis liberdade de decisión, pero sobre todo máis recursos para decidir en que os investimos. Polo tanto, creo que é suficiente revolución xa para xustificar un cambio de goberno.

Por non falar de que incrementamos un 1.400% o investimento en todo o que ten que ver co emprego. E, efectivamente, si, señor, non é a nosa competencia. E, efectivamente, temos que pedir permiso competencial á Xunta de Galicia, incomprensiblemente, incomprensiblemente por un Goberno de Mariano Rajoy que aprobou unha norma que nos constrinxen aos concellos e que trata exactamente igual o que é responsable ou foi responsable xestionando as súas arcas que aqueles que foron manirrotos e o tiraron a pedais. Trátanos exactamente igual. Polo tanto, crítica a aquel Goberno e crítica ao actual Goberno do Estado, que non modificou esa realidade, algo incomprensible, que non entendemos ningún alcalde e alcaldesa do país. Pero iso constrinxen a realidade municipal enormemente. Pero, pedindo ese permiso, aportamos un grao de area con cifras que son espectaculares. Para empezar, se non fixeramos iso, as cuadrillas municipais que estamos aportando e que percorrendo a provincia vémoslas en todas as beirarrúas das vilas dos concellos da provincia non existirían, non existirían. Tamén o facía o Partido Popular, eh, cando chegamos había cuadrillas municipais sen ter competencia, pedía permiso á Xunta de Galicia e Xunta de Galicia concedíallo, igual que agora mesmo; a diferenza é a aposta, a diferenza é que era 1,3 millóns ao ano aos 20, 23, 25 que estamos adicando agora para crear emprego na provincia, crear emprego no ámbito municipal, para apoiar os emprendedores e emprendedoras da provincia, ata 1.870 empresas creadas con cargo a esta axuda e 8.000 postos de traballo creados e mantidos con cargo a estas liñas de axuda. Polo tanto, orgullosos de meter o fociño onde ninguén nos chama, igual que no eido social, independentemente de que a xestión sexa indirecta, que iso ninguén o dúbida. É dicir, ninguén dúbida de que unha residencia da Xunta de Galicia poida ter externalizados servizos de limpeza ou servizos auxiliares ou



incluso servizos... non, imos á esencia, a esencia dun centro público, Evaristo, sabémolo todos, está na dirección. Que a dirección sexa pública e que o criterio económico non sexa o criterio que rexa a calidade do centro que se xestiona dende esa institución. Non é o mesmo que a decisión de que a ratio por habitación a tome un funcionario que que a tome unha empresa pública concesionada que vai ao beneficio. Esa é a rotura de modelo que loxicamente nós queremos avalar.

Pero, se nos parece pouca revolución o POS, o PEL, creo que é suficientemente revolucionario as cifras de orzamento. É unha década onde no ámbito da protección social pasamos de 7 millóns de euros a 32 millóns e medio de euros, máis 5,7 millóns de euros. Falamos de case 40 millóns de euros neste orzamento de 2026, contra 7 no 2014. Se nos parece pouca revolución e parece que non facemos nada distinto ao que se viña facendo, eu creo que si.

Por non falar da cultura, cun incremento dun 78% no seu orzamento e unha intensificación en todo o que ten que ver coa protección da lingua, da nosa identidade, coa protección da igualdade e a protección das vítimas de violencia de xénero.

Por non falar de que, loxicamente, nos metemos naquilo que nos distingue, que o di o propio Consello de Contas. Todo o que ten que ver coa dixitalización, que nos fai unha vida máis fácil nos concellos e que nos sobe ao século XXI co proxecto Concello Dixital, que son 12,1 millóns de euros, e que nos coloca, segundo o Consello de Contas, na Administración máis transparente e dixitalizada de toda Galicia.

Polo tanto, creo que podemos estar falando durante horas das accións revolucionarias que, por certo, o 90 e pico por cento consensuadas por todas as forzas políticas. Polo tanto, onte mesmo aprobábanse, esta semana, as novas bases do Plan Único, que incorporan novidades precisamente para intentar reducir a baixa execución no programa. Síntoo moito, alcaldes e alcaldesas, é así, hai que ir a unha maior execución. Pasamos de non ter límite e de chegar aquí nós con proxectos dende o ano 2014, depuradoras que había sen executar de 2014 agora ten que ser nun ano máis un, e xa veremos se se concede, dependendo de se hai circunstancias xustificadas, que entendo que na maior parte dos casos teñen que ver cos permisos de ADIF, de AENA, de Augas de Galicia e de Patrimonio e de Estradas principalmente. Pero veremos, e terá que ser de forma xustificada, pero o límite son dous anos. Dentro de tres, o nivel de execución vai aumentar considerablemente. Claro que hai 329 millóns de euros nas contas, claro que si, porque temos o mal costume nesta casa de orzar aquilo que comprometemos. Temos 138 millóns de euros de Plan Único xa orzados e, polo tanto, están dentro dos 329; 88 millóns de euros de plans de edicións anteriores, máis nominativas a concellos e entidades, nalgúns casos prorrogadas e, polo tanto, claro que si, que o nivel de execución é baixo, claro que si, porque podemos facer como se fai, pois, dende a Xunta de Galicia, onde, oe, non o critico, nin moito menos, pero esa é a realidade. A maior parte dos concellos renuncian a axudas da Consellería de Industria, axudas da Consellería de Presidencia en moitos casos porque o prazo de execución, e paréceme ben, porque ao final quen marca aí o ritmo é a Consellería de Facenda, e é implacable; non lles deixa ás consellerías ampliar máis o prazo cambiando de anualidade. Non digo nada, pero esa é a realidade e é moito máis difícil de executar e todos os alcaldes que están aquí o saben perfectamente; este mesmo ano podemos revisar as subvencións de Industria ás que están renunciando uns tras outros. Algúns perderémolas, aínda que as pedimos perderémolas.

En canto a saneamento, que creo que é un dato importante, falaba Rioboo, e creo



que é moi importante tamén que a cidadanía saiba isto. É certo que é un asunto moi relevante que marca a calidade de vida dunha vila, sobre todo de modernización das súas infraestruturas. Pero tamén hai que saber que os veciños e veciñas pagan un imposto, un imposto específico para esa finalidade para que quen ten as competencias as exerza. O Concello de Abegondo leva aportado no canon de saneamento á Xunta de Galicia 880.000 euros, o Concello de Ames, 4.900.000 euros. Aranga, 106.000 euros. Ares, 1.000.000 de euros. Arteixo, 8.100.000 euros. Arzúa 896.000 euros. A Baña, 75.000 euros. Bergondo, 1.500.000 euros. Boimorto, 174.000 euros. Boiro, 3.800.000 euros. Boqueixón, 516.000 euros. Brión, 1.000.000 de euros. Cabana de Bergantiños, 350.000 euros. Cabanas, 579.000 euros. Camariñas, 1.093.000 euros. Cambre, 5.090.000. A Capela, 45.000. Carnota, 982.000. Carral, 1.136.000. Cedeira, 899.000. Cee, 1.278.000. Cerdido, 80.000. Coirós, 317.000. Corcubión, 344.000. Coristanco, 514.000. A Coruña, 62.310.000. Culleredo, 5.500.000. Curtis, 1.654.000. Dodro, 465.000. Dumbría, 65.000. Fene, 2.300.000. Ferrol, 14.700.000. Fisterra, 750.000. Frades, 121.000 euros. Irixoa, 82.000. A Laracha, 1.400.000. Laxe, 650.000. Lousame, 27.000. Malpica, 869.000. Mañón, 278.000. Mazaricos, 73.000. Melide, 1.885.000. Mesía, 90.000. Miño, 1.650.000. Moeche, 77.000. Mugardos, 1.000.000. Muros, 1.635.000. Muxía, 513.000. Narón, 168.000. Neda, 790.000. Noia, 1.900.000. Ordes, 1.500.000. Outes, 370.000. Oza-Cesuras, 590.000. Paderne, 136.000. Padrón, 1.900.000. O Pino, 850.000. A Pobra, 4.000.000 de euros. Ponteceso, 700.000. Pontedeume, 2.000.000 de euros. As Pontes, 2.350.000. Porto do Son, 1.000.000. Rianxo, 1.800.000. Ribeira, 11.000.000 euros. Rois, 300.000. Sada, 3.900.000. San Sadurniño, 88.000, Santa Comba, 1.000.000. Santiago de Compostela, 25.000.000 de euros. As Somozas, 165.000. Teo, 2.850.000. Toques, 57.000. Tordoia, 170.000. Touro, 400.000. Val do Dubra, 327.000. Valdoviño, 700.000. Vedra, 116.000. Vilarmador, 94.000. Vilasantar, 180.000. Vimianzo, 1.225.000. Zas, 250.000. Ben, en definitiva, todos os concellos da provincia fixeron un esforzo enorme, enorme, porque o fan os cidadáns a través dos seus impostos, para aportarlle a Augas de Galicia financiamento para facer infraestruturas. Pero non hai retorno na inmensa maioría dos casos. Aquí, cada veciño e veciña pode avaliar cal é o compromiso de Augas de Galicia co seu concello e cal é o compromiso da Deputación a través do Plan Único.

Polo tanto, moitas grazas polas súas intervencións. Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e cos votos en contra do PP, acorda:

“1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA para o exercicio 2026 por importe de 256.550.000,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:



CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	27.340.335,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	63.051.981,84
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	19.326.003,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	49.969.149,80
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	14.591.340,00	III.- GASTOS FINANCEIROS	75.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	188.921.622,00	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	69.332.025,31
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	6.013.700,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	5.131.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	256.193.000,00	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	187.559.156,95
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	7.000,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	29.424.072,05
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	39.036.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	350.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	530.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	357.000,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	68.990.843,05
TOTAL ORZAMENTO	256.550.000,00	TOTAL ORZAMENTO	256.550.000,00

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS:

ÁREA DE GASTO	ORZAMENTO
1.- SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	3.783.165,00
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	66.725.558,62
3.- PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	36.702.198,69
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	87.183.413,26
9.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	62.155.664,43
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL	256.550.000,00

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA para o exercicio 2026, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE



I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	12.785.276,83
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	2.219.867,54
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	4.029.644,37	III.- GASTOS FINANCIEROS	1.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	11.080.000,00	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.000,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	15.109.644,37	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	15.012.644,37
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	87.000,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	10.000,00
IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	97.000,00
TOTAL ORZAMENTO	15.109.644,37	TOTAL ORZAMENTO	15.109.644,37

4º.- Aprobar o estado consolidado do Orzamento Provincial, integrado polo orzamento da Deputación Provincial e o orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	CONSOLIDADO	CAPÍTULOS	CONSOLIDADO
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	27.340.335,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	75.837.258,67
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	19.326.003,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	52.189.017,34
III.- TAXAS P. P. E OUTROS INGRESOS	18.620.984,37	III.- GASTOS FINANCIEROS	76.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	194.461.622,00	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.798.025,31
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	6.013.700,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	5.131.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	265.762.644,37	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	197.031.801,32
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	7.000,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	29.511.072,05
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	39.036.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	350.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	540.771,00
IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	357.000,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	69.087.843,05
TOTAL ORZAMENTO	266.119.644,37	TOTAL ORZAMENTO	266.119.644,37

5º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece



o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

6º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

7º.- O expediente orzamentario permanecerá a disposición pública no Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, na páxina de internet da Deputación e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto na normativa estatal e autonómica de transparencia, bo goberno e acceso a información pública.”

7.- Aprobación inicial do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama 2026.

INTERVENCIONS

Sr. Ben Otero

Nosotros nos vamos a abstener, como siempre, en la RPT, porque consideramos que es una cuestión de gobierno, el gobierno que ha aprobado los presupuestos de 256.500.000 euros frente al que era una RPT distinta en el año 2014, con un presupuesto de 100 millones de euros, es decir, 166.500.000 euros menos que el presupuesto de la actualidad. Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Chámase xestión. Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Vistas as peticións formuladas dende os diferentes servizos/unidades, o acordo da Mesa xeral de negociación dos empregados públicos do 7 de novembro de 2025, os informes da Intervención xeral e da Secretaría xeral e o acordado na Comisión informativa de facenda, especial de contas, recursos humanos e avance dixital de 17 de novembro de 2025 en relación ao informe proposta do Servizo de recursos humanos onde constan os seguintes



I.- ANTECEDENTES.

Con motivo da aprobación da Relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2026, os diferentes servizos/unidades formulan as súas propostas

En base aos seguintes

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigo 33.2.a) e f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo.

Artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista do exposto,

III.- ACÓRDASE

1. Realizar as seguintes adaptacións no cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

GABINETE DE PRESIDENCIA

Adscribir un Técnico/a medio de redes sociais procedente da Sección de información e actas á Sección de Prensa.

SECRETARÍA XERAL

Establecer a dependencia do Servizo de Patrimonio e contratación directamente da Secretaría Xeral.

Cambiar a denominación da Xefatura de sección de información e actas pola de: Xefatura de sección de información e actividade corporativa.

Cambiar a denominación da Xefatura de negociado I da Sección de información e actividade corporativa pola de: Xefatura de Negociado de rexistro e actividade corporativa.

Cambiar a adscrición de 4 postos de subalterno con códigos: 1.1.11.7, 1.1.11.8, 1.1.11.25 e 1.1.11.26 que pasan a depender da Viceterourería.

Cambiar a adscrición de dous postos de Técnico superior da Unión Europea.

Modificar as funcións do posto de Técnico/a de normalización lingüística.

Distinguir na relación de postos de traballo e no organigrama ao persoal de preimpresión e impresión.



IMPRESA PROVINCIAL

Transformar unha praza e posto de Oficial de imprenta (preimpresión) con código de posto 1.1.377.12, nunha praza e posto de Oficial de imprenta deseñador gráfico, administración especial, grupo B, nivel 21.

SERVIZOS INTERNOS

Amortizar unha praza e posto de Subalterno, código de posto 1.1.11.34.

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Na Sección I

Crear unha praza e posto de Técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, nivel 22.

INTERVENCIÓN XERAL

Crear unha praza e posto de Secretario/a-Interventor/a, escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, subescala secretaría-intervención, subgrupo A1, nivel 30, forma de provisión: libre designación.

Aprobar as funcións do dito posto.

SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO

Crear unha Xefatura de sección IV (Contratos e plans), administración xeral/especial, subgrupos A1/A2 e praza asociada de Técnico/a de administración xeral e adscribir á dita Sección a Xefatura de departamento con código de posto 1.1.456.1 e a Xefatura de negociado 1.1.323.1.

Transformar unha praza e posto de administrativo de administración xeral, subgrupo C1, nivel 20 con código de posto 1.1.15.182 vacante, nunha praza e posto de Técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, nivel 22.

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

Crear unha praza e posto de Asesor/a técnico/a, administración especial, subescala técnica, clase técnicos de grado medio, subgrupo A2, nivel 22.

TESOURERÍA

Crear unha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, administración especial,



subescala técnica, clase técnicos de grao medio, subgrupo A2, nivel 22.

SERVIZO DE RECADACIÓN

Transformar unha praza e posto de Técnico/a especialista en xestión, administración especial, grupo B, nivel 21 (código de posto 1.1.431.2) nunha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, nivel 22.

ZONA RECADATORIA 1

Transformar un posto de oficial 2ª de recadación nivel 19 con código de posto 1.1.385.2 e praza asociada de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1 nunha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, nivel 22 con atención continua ao contribuínte e condución habitual, con efectos á xubilación do seu ocupante actual.

ZONA RECADATORIA 4

Transformar un posto de oficial 2ª de recadación nivel 19 con código de posto 1.1.385.19 e praza asociada de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1 nunha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, nivel 22 con atención continua ao contribuínte e condución habitual.

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA

Transformar tres postos de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, nivel 20 (códigos de posto 1.1.15.67, 1.1.15.148 e 1.1.15.153) en tres postos de Xefatura de negociado, administración xeral/especial, grupo B/C1, nivel 22.

Transformar un posto de Técnico/a de xestión tributaria, administración especial, subgrupo A2, nivel 22 (código de posto 1.1.33.8) nunha Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24.

Transformar un posto de Técnico/a de xestión tributaria, administración especial, subgrupo A2, nivel 22 (código de posto 1.1.33.11) con atención continua ao contribuínte nunha Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24 con atención continua ao contribuínte.

Amortizar unha praza e posto de Técnico/a especialista en xestión, administración especial, grupo B, nivel 21 (código de posto 1.1.431.5).

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS

Transformar un posto de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, nivel 20 con código de posto 1.1.15.49 e a súa praza asociada nun posto de Xefatura de departamento, subgrupos A1/A2/B, administración xeral/especial, nivel 24 e praza

**RPT-6654235



asociada de Técnico/a de administración xeral.

Suprimir a condición A3 no posto de Xefatura de servizo.

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Modificar as funcións dos postos: Enxeñeiro/a técnico/a en topografía, Auxiliar técnico/a en topografía e Delineante no Catálogo de funcións segundo a proposta do servizo.

Transformar un posto de Técnico/a de infraestruturas con código 1.1.430.4 e a súa praza asociada, de administración especial, subgrupo A2, nivel 22 nun posto de Auxiliar técnico de vías e obras, administración especial, grupo B/C1, nivel 21 e praza de Auxiliar técnico en infraestruturas e conservación, subgrupo C1.

SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO

Adscribir un posto de Operario/a de servizos con código 1.1.336.1 procedente do Centro residencial cultural Pazo de Mariñán.

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, SECTORES PRODUTIVOS, EMPREGO SOSTIBLE E TRANSICIÓN TECNOLÓXICA.

Cambiar a denominación do Servizo de desenvolvemento territorial e transición ecolóxica polo de Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica.

Adscribir ao Servizo a Xefatura de sección de promoción económica e emprego, a Xefatura de negociado de promoción económica, o Técnico/a de administración xeral, o administrativo/a e o/a auxiliar de administración xeral.

Cambiar a denominación da Xefatura de sección de promoción económica e emprego polo de Xefatura de sección de sectores produtivos, mar e medio rural.

Transformar a Xefatura de negociado de promoción económica, grupos B/C1, administración xeral/especial, nivel 22 nunha Xefatura de departamento de sectores produtivos, mar e medio rural, subgrupos A1/A2/C1, administración xeral/especial, nivel 24.

Cambiar a denominación da Xefatura de sección de coordinación de proxectos técnicos por Sección de desenvolvemento territorial e coordinación de proxectos.

Cambiar a denominación da Xefatura de sección de desenvolvemento territorial, cooperación e medio ambiente pola de Xefatura de sección de transición ecolóxica e cooperación.

Transformar un posto de Técnico/a de xestión de proxectos con código 1.1.70.3 nunha Xefatura de departamento de transición ecolóxica e cooperación, subgrupos A1/A2/B, administración xeral/especial, nivel 24.



Transformar un posto de Técnico/a de xestión de proxectos con código 1.1.70.4 nunha Xefatura de departamento de desenvolvemento territorial e coordinación de proxectos, subgrupos A1/A2/B, administración xeral/especial, nivel 24.

Transformar un posto de Técnico/a de xestión de proxectos con código 1.1.70.7 nunha Xefatura de sección de PEL/Emprego, subgrupos A1/A2, administración xeral/especial, nivel 25.

Transformar dous postos de Técnico/a superior de Unión Europea con códigos 1.1.46.1 e 1.1.46.3 en dous postos de Técnico/a de xestión de proxectos, administración especial, subgrupo A1, nivel 24, e adscribilos ao servizo.

Suprimir o factor coordinación ao Técnico de xestión de proxectos con código de posto 1.1.70.2.

SERVIZO DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

Cambiar a denominación da Xefatura de servizo de promoción económica, turismo e emprego polo de Xefatura de servizo de promoción e desenvolvemento turístico.

Cambiar a denominación da Xefatura de sección de promoción e desenvolvemento turístico polo de Xefatura de sección de promoción turística.

Transformar un Técnico/a de turismo, código de posto 1.1.432.1, nunha Xefatura de sección de desenvolvemento turístico subgrupos A1/A2, administración xeral/especial, nivel 25.

Crear unha praza e posto de Técnico/a de turismo, administración especial, subescala técnica, clase técnicos de grao medio, subgrupo A2, nivel 22.

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

Crear unha Xefatura de servizo de acción social, educación, deportes e mocidade, administración xeral/especial, subgrupo A1, nivel 29 e praza asociada de Técnico/a de administración xeral, aberto a outras administracións (A3).

Crear unha Xefatura de sección de educación e centros, administración xeral/especial, subgrupo A1/A2, nivel 25, e praza asociada de Técnico/a de administración xeral.

Crear unha praza e posto de Técnico/a especialista en xestión, administración especial, subescala técnica, grupo B, nivel 21 con dependencia da Xefatura de servizo.

Adscribir a Sección de deportes cambiando a denominación da sección e do negociado por deportes e mocidade.

SERVIZO DE CULTURA, IGUALDADE E DEREITOS CIVÍS

Cambiar a denominación do Servizo de acción social, cultural e deportes polo de Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís.



Transformar un posto de Técnico/a de políticas de igualdade con código 1.1.209.1 nunha Xefatura de sección de igualdade e dereitos civís, administración xeral/especial, subgrupo A1/A2, nivel 25.

Transformar un posto de Telefonista (código 1.1.118.5, praza vinculada 1.1.5.24) do IES Rosalía Mera nunha praza e posto de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, nivel 20 adscrito ao Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís.

CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN

Crear unha praza e posto de Camareiro/a.

Incluír o factor de coordinación a dous postos de camareiro/a (con códigos 1.1.130.5 e 1.1.130.1) e a un de cociñeiro/a (código de posto 1.1.125.16).

Declarar “a transformar” o posto de Gobernante/a.

Transformar a praza e posto de Subgobernante/a, administración especial, subescala de servizos especiais, praza de cometidos especiais, subgrupo C2, nunha praza e posto de Camareiro/a, administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios, agrupación profesional, nivel 14.

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

Transformar dúas prazas e postos de Auxiliar educador/a, administración especial, subgrupo C2 nivel 17, códigos de posto 1.1.173.17 e 1.1.173.40, e unha praza e posto de celador/a, administración especial, agrupación profesional, nivel 14, código de posto 1.1.120.51, en tres prazas e postos de Educador/a Infantil, administración especial, grupo B, nivel 21.

Incluír condución e limitación en flexibilidade e conciliación nos postos de titor/a e titor/a de garda.

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL

Modificar o grupo de clasificación do posto de Director/a pasando a ser A1/A2, administración xeral/especial.

BIBLIOTECA PROVINCIAL

Incluír atención ao público ao posto de Xefatura de departamento con código 1.1.428.1.

Suprimir a condición A3 no posto de Bibliotecario/a.

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Cambiar a denominación do Servizo de planificación e xestión de recursos humanos pola



de Servizo de recursos humanos.

Transformar o posto de administrativo/a de administración xeral con código 1.1.15.171 nun posto de Xefatura de negociado, administración xeral/especial, grupos B/C1, nivel 22 .

Crear un posto de Xefatura de negociado, administración xeral/especial, grupos B/C1, nivel 22, praza asociada de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1.

Adscribir a Sección de prevención de riscos laborais ao Servizo de recursos humanos.

Modificar a denominación das Xefaturas de departamento de Seguridade Social por Xefatura de departamento I e II.

SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Adscribir o posto de Técnico/a de organización con código 1.1.42.1 do Servizo de Organización, transformándoo nunha Xefatura de Departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24, na sección de asistencia informática.

Crear un posto de Técnico/a de protección de datos, administración xeral/especial, subgrupo A1, nivel 24 e praza asociada de Técnico de administración xeral, na sección de seguridade da información.

Transformar a praza e o posto de Analista técnico/a con código 1.1.90.14 nun Técnico superior en informática, administración especial, subgrupo A1, nivel 24.

Transformar o posto de Asesor/a técnico/a con código 1.1.289.6 nun posto de Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24.

Aprobar as funcións do Técnico/a de protección de datos.

SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE

Transformar o posto de analista programador/a con código 1.1.290.17 nun posto de Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24.

-

2. Aprobar inicialmente a Matriz de valoración para a determinación do complemento específico e do complemento de destino dos postos de traballo que figura como anexo I.
3. Aprobar inicialmente as funcións dos postos de traballo que figuran no anexo II.
4. Aprobar inicialmente a relación de postos de traballo 2026 que figura como Anexo III e dispor, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e



alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

Así mesmo, en aras a garantir unha maior seguridade xurídica á supresión de postos de traballo notificarase persoalmente a cada unha das persoas ocupantes co fin de que poidan efectuar as alegacións que consideren oportunas.

5. Aprobar inicialmente o cadro de persoal para o ano 2026 que figura como Anexo IV, dispoñendo a súa exposición ao público mediante o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, segundo o disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa de aplicación. De non producirse reclamacións durante o citado prazo o cadro de persoal quedará definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004.
6. Aprobar o organigrama 2026 que figura como Anexo V.
7. Unha vez aprobados definitivamente, remitir copia da relación de postos de traballo e do cadro de persoal aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia no prazo de trinta días.
8. Publicar integramente a relación de postos de traballo e o cadro de persoal 2026 no Boletín Oficial da Provincia.
9. Estas modificacións surtirán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2026.”



Anexo I

Matriz para a determinación do complemento específico dos postos de traballo de nova creación

POSTO	NIVEL	GRUPO	OBSERVACIÓNS	FLA	27%	FLB	3%	FII	5%	FIII	5%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	5%	FVIA	25%	FVIB	10%	PUNTUACIÓN TOTAL	C. ESPECÍFICO
Xefatura de departamento (Biblioteca)	24	A1/A2/B	Sábados Libre dispoñibilidade Al. Continúa público	6	35,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	2	15,00	3	75,00	2	50,00	6	35,00	6	60,00	40,90	23.118,72
Técnico/a de protección de datos	24	A1	Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan Coordinación	6	35,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	4	25,00	5	50,00	32,58	18.417,49
Cocifeiro/a (Pazo de Mariñán)	18	C1/C2	Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan Coordinación	5	30,00	1	33,33	2	66,67	3	100,00	6	50,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	1	10,00	34,18	19.322,12
Camareiro/a (Pazo de Mariñán)	14	AP	Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan Coordinación	5	30,00	1	33,33	3	100,00	1	33,33	6	50,00	1	25,00	2	50,00	1	10,00	1	10,00	30,02	16.966,72
Secretario/a-Interventor/a	30	A1	Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan Coordinación Xornada especial Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	9	80,00	3	100,00	3	100,00	1	33,33	8	100,00	4	100,00	3	100,00	8	65,00	8	80,00	80,52	45.511,83

Matriz para a determinación do complemento de destino dos postos de traballo de nova creación

Ponderación do factor		35 %		25 %		15 %		25 %		100 %		
POSTO	Grupo	F.I Especializ.		F.II Competenc.		F.III Mando		F.IV Complex. F.		Puntos (P)		NIVEL
Técnico/a de protección de datos	A1	5	5,88	4	4,08	1	0,78	4	3,40	14,14		24
Secretario/a- interventor/a	A1	6	7,00	5	5,00	5	3,00	6	5,00	20,00		30



ANEXO II

CATÁLOGO DE FUNCIONES DOS POSTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación a asistencia aos Concellos
Técnico de protección de datos	A1	AE/AX	-Xestión e actualización do Rexistro de Actividades de Tratamento (RAT): Manter, actualizar e verificar o RAT (por unidade/servizo): identificar responsables e encargados, finalidades, categorías de datos, bases xurídicas, prazos de conservación, transferencias internacionais e medidas de seguridade aplicadas. Propoñer clasificacións de risco e manter a versión histórica do rexistro -Avaliacións de Impacto (DPIA) e análise de riscos: Coordinar, redactar e revisar DPIAs para proxectos e sistemas de tratamento de alto risco. Realizar análise de risco técnico-operativo vinculados a protección de datos e propoñer medidas mitigadoras (tanto organizativas como técnicas). Validar a documentación técnica previa á remisión ao DPD e supervisar a súa implantación. -Control e seguimento de medidas técnicas e organizativas: Comprobar implementación de controis (cifrado, acceso mínimo, xestión de privilexios, etc.). Colaborar cos Servizos de Sistemas e Soporte e de Informática e Administración Electrónica en axustes de configuración, backups, continuidade, e medidas de seguridade e privacidade. Propoñer e manter persoais / checklists de seguridade e privacidade. -Xestor de incidentes de seguridade e violacións de datos: Recibir e tramitar notificacións internas de incidentes (canle de incidencia), analizar e clasificar o evento, documentar evidencias. Preparar os informes de notificación ao DPD e, cando cumpra, á AEPD (incluíndo prazos e contidos) e controlar os prazos legais de comunicación. Coordinar medidas de contención e recuperación con Seguridade TI e Unidade Xurídica.		



		-Contratación e control de encargados de tratamento: Revisar cláusulas de protección de datos en contratos e convenios con provedores e colaboradores; propoñer modelos estandarizados de cláusulas contractuais. Manter o inventario de encargados e comprobar cumprimento (auditorías puntuais, certificados, evidencias). Xestionar autorizacións e certificacións de subcontratación. -Transferencias internacionais e bases xurídicas: Identificar transferencias internacionais e propoñer garantías (cláusulas tipo, BCR, avaliacións de país). Redactar e revisar análise de lexitimidade e recomendacións sobre transferencias de datos. -Formación, sensibilización e soporte a unidades: Elaborar e actualizar materiais formativos (e-learning, guías, fichas prácticas). Impartir sesións formativas para persoal técnico e xestores de expediente. Ser punto de contacto para consultas internas e emitir ditames e guías prácticas sobre tratamentos concretos. -Auditorías internas e cumprimento: Planificar e executar auditorías periódicas de cumprimento (tarefas coordinadas con auditoría interna). Elaborar informes de achados e plans de acción, seguimento e peche de non conformidades. -Transparencia e exercicio de dereitos: Soporte na recepción e tramitación técnica de solicitudes de dereitos (acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade). Verificar identidade de solicitantes e aconsellar prazos e documentación requirida; manter rexistro de solicitudes. -Implementación na administración provincial das recomendacións do DPD en materia de seguridade e protección de datos: Implementar as medidas necesarias para dar cumprimento ás recomendacións realizadas polo DPD en materia de seguridade e protección de datos. Manter base documental: políticas, procedementos, persoais, rexistros e versións. -Outras funcións:		
--	--	---	--	--



			Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos participando como membro dos tribunais de selección. Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participación como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das ofertas nos expedientes de contratación. Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia. O desempeño dos devanditos labores estará predeterminado pola localización orgánica para a prestación do servizo.		
Secretario-Interventor	A1	HN	Labores de coordinación entre os diferentes servizos que prestan asesoramento xurídico, técnico e económico aos concellos e entidades dependentes ou adscritas á Deputación, de conformidade cos criterios fixados pola Entidade. Planificación, elaboración e impulso de directrices e procedementos para a mellora na prestación de asistencia aos concellos e entidades dependentes ou adscritas. Interlocución e coordinación con outras Administracións coas que participe a Deputación nas entidades ou organismos dependentes ou adscritos. Calquera outra función que, por delegación da Intervención e Secretaría xeral, se lle asigne dentro do ámbito das súas competencias nos entes dependentes ou adscritos. Coordinación, organización e xestión dos equipos de traballo do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña e outros entes dependentes ou adscritos, no ámbito administrativo. Interlocución con outras Administracións Públicas ou Entidades privadas en asuntos que afecten as competencias do Consorcio ou a outros entes dependentes ou adscritos, no ámbito de xestión administrativa. Calquera outra tarefa ou cometido de coordinación ou supervisión que, puntualmente, lle sexa encomendada pola Presidencia	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	



Enxeñeiro/a técnico/a topógrafo/a	A2	AE	Colaborar na tramitación e xestión das expropiacións. Colaborar na xestión da información cartográfica xerada noutros Servizos da Deputación. Colaborar na xestión do xeoportal onde se publique a información xeográfica de cada servizo, EIEL, etc. Colaboración na xestión da actualización do catálogo de estradas. Emisión de informes sobre o Dominio Público das estradas, expropiacións así como das notificacións da Xerencia Rexional do Catastro ou do Rexistro da Propiedade. Tomar datos de campo para a elaboración dos planos do proxecto e replanteos de obras. Tomar datos de campo durante a execución da obra para elaborar as certificacións de E14 cando así se requira. Comprobar a realidade xeométrica das obras que así o requiran. Facilitar a información xeométrica en soporte informático. Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións. Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo. Colaborar no deseño e definición xeométrica de Proxectos das Obras que lle indique o Xefe do Servizo, xefe do departamento e/ou Enxeñeiro de Camións. Colaborar na xestión da información cartográfica xerada no Servizo de Vías e Obras: proxectos, cesións, expropiacións, ... Colaborar co Xefe do Servizo, e/ou Enxeñeiro de Camións no control xeométrico das obras que lle indiquen: - Tomar datos de campo durante a execución da obra para as certificacións cando así se requira. - Implantación de obras e expropiacións - Control e vixilancia da execución das obras - Emisión de informes relacionados co control xeométrico das obras (expropiacións, movementos de terras, firmes, etc.). Colaborar na Supervisión dos datos topográficos dos Proxectos elaborados por Consultoras e dos Proxectos entregados polos Concellos. Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. Participar como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios incoados pola deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia participando como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios de acordo co previsto na normativa aplicable.	Xornada especial Dedicación Incompetibilidade total Disponibilidade total Condución habitual	Soporte "in situ" aos concellos da provincia, cando así o aconselle a dificultade ou a complexidade da solución en remoto
---	----	----	--	--	--



Deputación
DA CORUÑA

			Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos participando como membro dos tribunais de selección. Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participación como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das ofertas nos expedientes de contratación. Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.		
Auxiliar técnico/a en topografía	C2	AE	Colaborar cos enxeñeiros/as técnicos/as en topografía na toma de datos, elaborando esbozos, manexando aparellos sinxelos e determinadas aplicacións informáticas a nivel elemental. Colaborar na xestión da información cartográfica xerada noutros Servizos da Deputación. Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. Participar como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios incoados pola deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia participando como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios de acordo co previsto na normativa aplicable. Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos participando como membro dos tribunais de selección. Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participación como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das ofertas nos expedientes de contratación. Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.	Xornada especial Dedicación Incompetibilidade total Dispoñibilidade total Condución habitual	



Delimitante	B C1	AE	Desenvolvemento gráfico de toda clase de proxectos e traballos de estudo. Facilitar a información en soporte informático. Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións. Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas na área e especificamente aplicacións de CAD e SIG. Realizar traballos que requiriran o uso de tecnoloxías: computador, fotocopiadora de planos, cortadora de planos. Funcións de dobrado e encadernado de planos. Arquivar os proxectos e planos confeccionados no Servizo ou remitidos ó mesmo, así como a a cartografía existente. Ejecución, colaboración y apoyo a los cuerpos facultativos de grado superior y medio en las tareas propias de su profesión. A asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. Participar como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios incoados pola deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia participando como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios de acordo co previsto na normativa aplicable. Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos participando como membro dos tribunais de selección. Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participación como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das ofertas nos expedientes de contratación. Cualquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia	Transversalidade funcional grao 2 Condución habitual	
-------------	---------	----	--	--	--



